



Programación Docente de TUBA I-VIII

Ensinanzas Superiores de Música Titulo superior de música (ensinanzas reguladas polo decreto 163/2015, do 29 de outubro)

1. Identificación e contextualización

Disciplina Instrumento (I-VIII)

ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN								ITINERARIO	TUBA
CARÁCTER	MATERIA OBRIGATORIA ESPECÍFICA								TIPO DE CLASES	INDIVIDUAL
DEPARTAMENTO	VENTO METAL								XEFE/A DO DEPARTAMENTO	ENRIQUE LORENZO VILA
CURSOS	1.º curso	2.º curso		3.º curso		4.º curso			COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	J. CARLOS DÍAZ ÁLVAREZ IGNACIO FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	HORAS DE CLASE SEMANAIS	1,5
ETCS/ CUADRIMESTRES	9	9	9	9	10	10	10	12	OBSERVACIÓNS	
DOCENTES	NOME E AELIDOS								MAIL/TEL/WEB	TITORÍA
	JUAN CARLOS DÍAZ ÁLVAREZ								juancarlosdiaz@csmvigo.com	Mércores, ás 10:30h
	IGNACIO FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ								ignacio_fernandez@csmvigo.com	Luns, ás 10:30h

*Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, recibirán as clases das disciplinas de carácter individual no idioma especificado no seu acordo de Formación. Nas demais disciplinas, poderán recibir asistencia e orientación dos seus Titores nos "outros idiomas" citados nesta programación sen que iso implique que as clases sexan impartidas neses idiomas.

2. Descriptor e Competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)

DESCRIPTOR	Desenvolvemento e perfeccionamento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas do instrumento, así como dos hábitos de estudo. Coñecemento dos diferentes criterios interpretativos que conduzan a interpretación do repertorio máis representativo con valoración crítica estilo propio e madurez creativa, así como a súa aplicación práctica na interpretación en público.
COÑECEMENTOS PRE-VIOS	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxía principal dáse coa disciplina de Repertorio con Piano acompañante sendo inherente á súa esencia e existencia. Débese considerar tamén a estratexia de intentar relacionar dentro do posible, o contido propio da materia coa anteriormente mencionada e coa de Música de Cámara, permitindo que as tres se poidan complementar.
TRANSVERSAIS	T1, T2, T3, T6, T13, T15, T17
XERAIS	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
ESPECÍFICAS	EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10

3. Obxectivos

DESCRICIÓN	COMPETENCIAS
a) Dominar tecnicamente o instrumento na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.	Todas as competencias recollidas neste documento están relacionadas con todos os obxectivos aquí reflectidos.
b) Adquirir hábitos de estudo correctos que permitan o desenvolvemento do sentido autocrítico, a capacidade de superación e a rendabilidade do tempo empregado.	
c) Interpretar o repertorio programado para o curso de maneira apropiada e coherente.	

4. Contidos

TEMAS	DESCRIPTOR SUBTEMAS	SESIÓNS
Exercicios e estudos para o dominio técnico do instrumento.	Traballo de exercicios de técnica. Estudos (bibliografía do cuadrimestre)	6
Estudo de obras	Obras (bibliografía do cuadrimestre)	10
Total de sesións por cuadrimestre		16



5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE		1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		OBSERVACIÓNS
		I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	
Presencial, semipresencial ou telemática	Actividades introductorias	2	2	2	2	2	2	2	2	
	Clases Prácticas	24	24	24	24	24	24	24	24	
	Audicións	3	3	3	3	3	3	3	3	
	Titorías	1	1	1	1	1	1	1	1	
Non presenciais	Traballo Personal	240	240	240	240	270	270	270	90	
Total de horas cuadrimestrais		270	270	270	270	300	300	300	330	

6. Descriptores de Planificación

TIPO DE ACTIVIDADE	DESCRIPCIÓN DA METODOLOXÍA
Avaliación inicial	Realizárase nas primeiras sesións do curso de acordo co establecido nas instrucións do 31 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021.
Clases prácticas	Revisión nos aspectos técnicos, formais, históricos, estilísticos ou artísticos no traballo realizado polo alumnado ao longo da semana.
Traballo individual	Pescuda de información, análise, dixitación ou memorización dos novos traballos musicais. Revisión do tempo, fraseo, dinámicas, ornamentación, articulación, carácter e demais recursos musicais en base á súa análise e ás fontes documentais. Profundización no traballo realizado coa axuda de novas tecnoloxías.
Audicións	Presentación en público do repertorio do curso e presenza como oínte nas audicións do Departamento de Vento metal. Cada alumno/a deberá interpretar un programa dunha duración de 20 minutos (+/- 5 minutos). A audición coincidirá co final do cuadrimestre en calendario proposto pola Xefatura de estudos.

7. Avaliación

ORDINARIA (Con avaliación continua)			
FERRAMENTAS	CRITERIOS	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
Seguimento de traballo na aula	Valorarase a asistencia, a puntualidade e a actitude, así como o traballo semanal na aula, do dominio técnico e interpretativo co instrumento na execución do programa a estudar.	40%	Todas
Audicións de aula	Valorarase o dominio técnico e a interpretación do programa a executar, reflectíndoa no caderno de profesor.	10%	Todas
Audicións públicas	Audición a solo ou con acompañamento de piano. Valorarase o dominio técnico e a interpretación do programa a executar, reflectíndoa no caderno de profesor. O programa a executar terá unha duración mínima de 10 minutos.	50%	Todas

*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando iso ocorra, o profesor da disciplina actuará segundo o protocolo establecido.

Escenario presencial, semipresencial ou non presencial, de acordo coa situación sanitaria derivada da COVID-19. No suposto de que o tipo de actividade docente sexa telemática, o alumnado fará as audicións e exames correspondentes dunha maneira de retransmisión en directo e gravación audiovisual simultánea das partes instrumentais solista. O alumnado enviará a gravación ao titor ao rematar a retransmisión.

ORDINARIA (Adianto de convocatoria-exame Decembro)			
FERRAMENTAS	CRITERIOS	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
Exame	Presentaranse ao exame un mínimo de 3 estudos dos programados no curso. Mostrarase fluidez e comprensión na lectura a primeira vista. Valorarase o dominio técnico e a interpretación do programa a executar, reflectíndoa no caderno de profesor/a.	40%	TODAS
Audición pública	Audición a solo ou con acompañamento de piano. Valorarase o dominio técnico e a interpretación do programa a executar, reflectíndoa no caderno de profesor/a. O programa a executar será o programado no cuadrimestre correspondente. Este programa poderá ser modificado con previa solicitude do alumno/a e co visto bo do profesor/a.	60%	TODAS

Escenario presencial, semipresencial ou non presencial, de acordo coa situación sanitaria derivada da COVID-19. No suposto de que o tipo de actividade docente sexa telemática, o alumnado fará as audicións e exames correspondentes dunha maneira de retransmisión en directo e gravación audiovisual simultánea das partes instrumentais solista. O alumnado enviará a gravación ao titor ao rematar a retransmisión.



ALTERNATIVA			
FERRAMENTAS	CRITERIOS	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
Exame	Presentaranse ao exame un mínimo de 3 estudos dos programados no curso. Mostrarase fluidez e comprensión na lectura a primeira vista. Valorarase o dominio técnico e a interpretación do programa a executar, reflectíndoa no caderno de profesor/a.	40%	TODAS
Audición pública	Audición a solo ou con acompañamento de piano. Valorarase o dominio técnico e a interpretación do programa a executar, reflectíndoa no caderno de profesor/a. O programa a executar será o programado no cuadrimestre correspondente. Este programa poderá ser modificado con previa solicitude do alumno/a e co visto bo do profesor/a.	60%	TODAS

Escenario presencial, semipresencial ou non presencial, de acordo coa situación sanitaria derivada da COVID-19. No suposto de que o tipo de actividade docente sexa telemática, o alumnado fará as audicións e exames correspondentes dunha maneira de retransmisión en directo e gravación audiovisual simultánea das partes instrumentais solista. O alumnado enviará a gravación ao titor ao rematar a retransmisión.

EXTRAORDINARIA			
FERRAMENTAS	CRITERIOS	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
Exame	Presentaranse ao exame un mínimo de 3 estudos dos programados no curso. Mostrarase fluidez e comprensión na lectura a primeira vista. Valorarase o dominio técnico e a interpretación do programa a executar, reflectíndoa no caderno de profesor/a.	40%	TODAS
Audición pública	Audición a solo ou con acompañamento de piano. Valorarase o dominio técnico e a interpretación do programa a executar, reflectíndoa no caderno de profesor/a. O programa a executar será o programado no cuadrimestre correspondente. Este programa poderá ser modificado con previa solicitude do alumno/a e co visto bo do profesor/a.	60%	TODAS

Escenario presencial, semipresencial ou non presencial, de acordo coa situación sanitaria derivada da COVID-19. No suposto de que o tipo de actividade docente sexa telemática, o alumnado fará as audicións e exames correspondentes dunha maneira de retransmisión en directo e gravación audiovisual simultánea das partes instrumentais solista. O alumnado enviará a gravación ao titor ao rematar a retransmisión.

ERASMUS	
Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.	
Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.	

8. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberánse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

9. Bibliografía, materiais e documentos

REFERENCIAS BÁSICAS		
Curso	TUBA BAIXA E CONTRABAIXA:	TUBA TENOR:
Cuadrimestre		
1º	Estudos 14 Estudos Característicos - J. B. Arban: nº 1. 120 Melodius Etudes for Trombone (Book One) M. Bordogni, trasc: J. Rochut: nº 21. 12 Spezialstudien für Tuba - O. Maenz: nº 1. 20 Estudos Característicos - G. Fritze: nº1 Obras - Suite nº 2 para Cello - J. S. Bach: (Preludio, Allemande) - Concerto nº1 para trompa (I mov.) R. Strauss (tono orixinal, 8ª baixa)	Estudos 14 Estudos Característicos - J. B. Arban: nº 1. 120 Melodius Etudes for Trombone (Book One) M. Bordogni, trasc: J. Rochut: nº 21. - Vingt Etudes M. Bitsch nº 1. 36 Etudes T. Charlier nº 2. Obras - Suite nº 2 para Cello - J. S. Bach: ((Preludio, Allemande) - La gruta – D. Niñerola.



2º C u r s o	II	Estudios 14 Estudios Característicos - J. B. Arban: nº 2. 120 Melodius Etudes for Trombone (Book One) M. Bordogni, trasc: J. Rochut: nº 23. 12 Spezialstudien für Tuba - O. Maenz: nº 2. 20 Estudios Característicos - G. Fritze: nº 2. Obras - Suite nº 1 para Cello - J. S. Bach: (Courante, Sarabande, Minuet I, II, Gigue) - Suite nº1 "Effie Suite" - A. Wilder. - Serenade nº 12 - V. Persichetti.	Estudios 14 Estudios Característicos - J. B. Arban: nº 2. 120 Melodius Etudes for Trombone (Book One) M. Bordogni, trasc: J. Rochut: nº 23. - Vingt Etudes M. Bitsch nº 2,3. Obras - Suite nº 1 para Cello - J. S. Bach: (Courante, Sarabande, Minuet I, II, Gigue) 1º Solo de Concurso - M. Yuste. - Soliloquy - C. Wiggins.
	III	Estudios 14 Estudios Característicos - J. B. Arban: nº 4. 120 Melodius Etudes for Trombone (Book One) M. Bordogni. Trasc: J. Rochut: nº 26. 12 Spezialstudien für Tuba - O. Maenz: nº 3. 20 Estudios Característicos - G. Fritze: nº5. Obras - Suite nº 2 para cello - J. S. Bach: (Preludio, Allemande) - Concerto - E. Gregson. - Fantasia para Tuba - M. Arnold.	Estudios 14 Estudios Característicos - J. B. Arban: nº 4. 120 Melodius Etudes for Trombone (Book One) M. Bordogni, trasc: J. Rochut: nº 26. - Vingt Etudes M. Bitsch nº 5. 36 Etudes T. Charlier nº 8. Obras - Suite nº 2 para cello - J. S. Bach: (Preludio, Allemande) - Euphonium Concerto J. Horowitz. - Balkan - F. Thuiller
	IV	Estudios 14 Estudios Característicos - J. B. Arban: nº 5. 120 Melodius Etudes for Trombone (Book One) M. Bordogni. Trasc: J. Rochut: nº 27. 12 Spezialstudien für Tuba - O. Maenz: nº 4. 20 Estudios Característicos - G. Fritze: nº6. Obras - Suite nº 2 para cello - J. S. Bach: (Courante, Gigue) - Tres Romanzas - R. Schumann. - Monólogo nº 9 - E. V. Koch.	Estudios 14 Estudios Característicos - J. B. Arban: nº 5. 120 Melodius Etudes for Trombone (Book One) M. Bordogni, trasc: J. Rochut: nº 27. - Vingt Etudes M. Bitsch nº 6,7. Obras - Suite nº 2 para cello - J. S. Bach: (Courante, Gigue) - Concerto for Euphonium - A. Ponchielli. - Three Euphonics - H.J. Buss
	V	Estudios 14 Estudios Característicos - J. B. Arban: nº 7. 120 Melodius Etudes for Trombone (Book One) M. Bordogni. Trasc: J. Rochut: 29. 12 Spezialstudien für Tuba - O. Maenz: nº 5. Obras - Suite nº 3 para cello - J. S. Bach: (Preludio) - Sonata - B. Broughton. - Capriccio - K. Penderecki.	Estudios 14 Estudios Característicos - J. B. Arban: nº 7. 120 Melodius Etudes for Trombone (Book One) M. Bordogni, trasc: J. Rochut: nº 29. - Vingt Etudes M. Bitsch nº 9. 36 Etudes T. Charlier nº 13. Obras - Suite nº 3 para cello - J. S. Bach: (Preludio) - Euphonium Concerto - V. Cosma. - Rabecando – F. Deddos
3º C u r s o	VI	Estudios 14 Estudios Característicos - J. B. Arban: nº 10. 120 Melodius Etudes for Trombone (Book One) M. Bordogni. Trasc: J. Rochut: 33. 12 Spezialstudien für Tuba - O. Maenz: nº 6. Obras - Suite nº 3 para cello - J. S. Bach: (Allemande) - Concerto - V. Williams. - Triumph of the Demon Go - J. Stevens	Estudios 14 Estudios Característicos - J. B. Arban: nº 10. 120 Melodius Etudes for Trombone (Book One) M. Bordogni, trasc: J. Rochut: nº 33. - Vingt Etudes M. Bitsch nº 10,12. Obras - Suite nº 3 para cello - J. S. Bach: (Allemande) - Euphonium Music - B. Bowen. - Soliloquies - J. Stevens.
	VII	Estudios 14 Estudios Característicos - J. B. Arban: nº 11. 120 Melodius Etudes for Trombone (Book One) M. Bordogni. Trasc: J. Rochut: 34. 12 Spezialstudien für Tuba - O. Maenz: nº 9. Obras - Suite nº 4 para cello - J. S. Bach: (Preludio) - Escenas Latinas - E. Crespo - Salve Venere, Salve Marte - J. Stevens	Estudios 14 Estudios Característicos - J. B. Arban: nº 11. 120 Melodius Etudes for Trombone (Book One) M. Bordogni, trasc: J. Rochut: nº 34. - Vingt Etudes M. Bitsch nº 14. 36 Etudes T. Charlier nº 23. Obras - Suite nº 4 para cello - J. S. Bach: (Preludio) - Symphonic Variants J. Curnow. - Cascades – A. Vizzutti
4º C u r s o			



VIII	Estudos • 120 Melodius Etudes for Trombone (Book One) M. Bordogni. Trasc: J. Rochut: 37. • 12 Spezialstudien für Tuba - O. Maenz: nº 10. Obras • Suite nº 4 para cello - J. S. Bach: (Allemande) • Sonata del Ángel Caído - Ferrer Ferrán. • Parable - V. Persichetti	Estudos • 120 Melodius Etudes for Trombone (Book One) M. Bordogni, trasc: J. Rochut: nº 37. • Vingt Etudes M. Bitsch nº 17. Obras • Suite nº 4 para cello - J. S. Bach: (Allemande) • Euphonium Concerto - V. Golland. • Blue Lake Fantasies - D. Guilligham.
	Observacións: os estudos e obras aquí marcados poden ser cambiados por outros de nivel similar, previa solicitude do alumnado e co visto bo do profesor/a.	
REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS		
TUBA JOURNAL BRAS BULLETIN TUBA FAMILY SONG AND WIND ALSO SPRACH ARNOLD JACOBS AETYB ITEA GRAVISSIMOFESTIVAL		
10. Observacións		
O titulado/a superior en música, especialidade de interpretación, deberá ser un/unha profesional cualificado/a cun dominio completo das técnicas de interpretación do instrumento e o seu repertorio, e se é o caso, de instrumentos complementarios. Deberá estar preparado/a para exercer un labor interpretativo de alto nivel de acordo coas características da súa modalidade e especialización, tanto no papel de solista coma formando parte dun conxunto, así como, se é o caso, na súa condición de intérprete acompañante de música e de danza. Deberá coñecer as características técnicas e acústicas do seu instrumento, afondando no seu desenvolvemento histórico. Deberá ter formación para o exercicio da análise e do pensamento musical, e dispoñer dunha sólida formación metodolóxica e humanística que lle axude na tarefa de investigación afín ao exercicio da súa profesión.		

Programación Docente de Tuba

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA HISTORIA DOS INSTRUMENTOS									
ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN					ITINERARIO		TUBA	
CARÁCTER	MATERIA OBRIGATORIA ESPECÍFICA					TIPO DE CLASES		Colectiva	
DEPARTAMENTO	VENTO METAL					XEFE/A DO DEPARTAMENTO		Enrique Lorenzo Vila	
CURSOS	1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase
ETCS/ CUADRIMESTRE						3			Observacións
DOCENTES	NOME E APELIDOS				MAIL/TEL/WEB				TITORÍA
	Juan Carlos Díaz Álvarez				juancarlosdiaz@csmvigo.com				Mércores, ás 10:30h
	Ignacio Fernández Rodríguez				ignacio_fernandez@csmvigo.com				Luns, ás 10:30h

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Estudo da evolución histórica do instrumento propio e os afíns a este. Coñecemento das características construtivas, funcionamento acústico e posibilidades técnicas e expresivas con relación ao repertorio.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuatrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuatrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	A través da práctica interpretativa do instrumento conséguense integrar e poñer en práctica aspectos musicais e teóricos presentes nos estudos de música superiores, colaborando ao desenvolvemento da capacidade analítica, do coñecemento do repertorio do propio instrumento e da evolución estilística dos diferentes períodos da historia da música.
TRANSVERSAIS	T1, T2, T3, T4, T6, T7, T8, T10, T13
XERAIS	X9, X10, X12, X14, X15, X20, X25
ESPECÍFICAS	EI2, EI4, EI6

3. Obxectivos

DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS
a. Coñecer a historia e a evolución da tuba e dos instrumentos afíns.	Todas as competencias recollidas neste documento están relacionadas con todos os obxectivos aquí reflectidos.
b. Coñecer ás características construtivas, acústicas e musicais que ten a tuba/bombardino.	

4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS POR CUADRIMESTRE
Evolución histórica da tuba.	Nacemento e evolución da tuba e instrumentos afíns.	7
Características construtivas e acústicas da tuba.	Nocións básicas acústica e das características construtivas e sonoras da tuba.	5
Recursos e posibilidades interpretativos da tuba e o seu uso no repertorio.	Posibilidades interpretativas e musicais da tuba e o seu uso por parte dos compositores/as.	4
Total de sesións por cuatrimestre		16

5. Planificación Docente e Metodoloxía



TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Actividades introductorias	2		2
Exposición Maxistral	10		10
Exposición teórico-práctica	4		4
Práctica individual			
Elaboración do portafolios do alumno/a		72	72
Exame	2		2
TOTAL HORAS			90

6. Avaliación

ORDINARIA

CONTÍNUA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
FERRAMENTAS			
Portafolios do alumno/a	O portafolios ou carpeta inclúe todo o tratado na clase e todo o traballo do alumno/a na clase.	100%	Todas as competencias recollidas neste documento.

*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando iso ocorra, o profesor da disciplina actuará segundo o protocolo establecido.

ALTERNATIVA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
FERRAMENTAS			
Exame escrito	Sobre os temas tratados na clase (ver bibliografía de referencia)	100%	Todas as competencias recollidas neste documento.

ORDINARIA (Decembro) e/ou EXTRAORDINARIA

FERRAMENTAS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
Exame escrito	Sobre os temas tratados na clase (ver bibliografía de referencia)	100%	Todas as competencias recollidas neste documento.

Portafolios: É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno/a nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que lle permite visualizar o progreso do alumno/a. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno/a.

Escenario presencial, semipresencial ou non presencial, de acordo coa situación sanitaria derivada da COVID-19. No suposto de que o tipo de actividade docente sexa telemática, o alumnado fará as audicións e exames correspondentes dunha maneira de retransmisión en directo e gravación audiovisual simultánea das partes instrumentais solista. O alumnado enviará a gravación ao titor ao rematar a retransmisión.

7. Bibliografía, materiais e documentos.

- Bevan, C. (1978). The Tuba Family. Londres: Faber and Faber.
- Bevan, C. (1996). A brief history of the tuba. En Winston Morris, R. y Goldstein, E. R. (Coord.): The Tuba Source Book, 1-10. Indianapolis: Indiana University Press Bloomington.
- Bevan, C. (1997). The low brass. En Herbert, T. y Wallace, J. (Edit.). Brass Instruments, 143-156. Cambridge: Cambridge University Press.
- Nelson, B. (2006): Also Sprach Arnold Jacobs. A developmental guide for brass wind musicians. Mindelheim (Alemania): Polymnia Press.
- Phillips, H. y Winkle, W. (1992). The Art of Tuba and Euphonium. New Jersey: Summy-Birchard Inc.

ERASMUS

Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.

Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.

8. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberánse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

9. Observacións

O titulado/a superior en música, especialidade de interpretación, deberá ser un/unha profesional cualificado/a cun dominio completo das técnicas de interpretación do instrumento e o seu repertorio, e se é o caso, de instrumentos complementarios.

Deberá estar preparado/a para exercer un labor interpretativo de alto nivel de acordo coas características da súa modalidade e especialización, tanto no papel de solista coma formando parte dun conxunto, así como, se é o caso, na súa condición de intérprete acompañante de música e de danza. Deberá coñecer as características técnicas e acústicas do seu instrumento, aprofundando no seu desenvolvemento histórico.

Deberá ter formación para o exercicio da análise e do pensamento musical, e dispoñer dunha sólida formación metodolóxica e humanística que lle axude na tarefa de investigación afín ao exercicio da súa profesión.



Programación Docente de TUBA

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA PEDAGOXÍA E DIDÁCTICA INSTRUMENTAL										
ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN							ITINERARIO	TUBA	
CARÁCTER	B) Obrigatoria							TIPO DE CLASES	Colectiva	
DEPARTAMENTO	VENTO METAL							XEFE/A DO DEPARTAMENTO	Enrique Lorenzo Vila	
CURSOS	1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	Juan Carlos Díaz Álvarez Ignacio Fernández Rodríguez	
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase	1
ETCS/ CUADRIMESTRE							3		Observacións	
DOCENTES	NOME E APELIDOS				MAIL/TEL/WEB				TITORÍA	
	Juan Carlos Díaz Álvarez				juancarlosdiaz@csmvigo.com				Mércores, ás 10:30h	
	Ignacio Fernández Rodríguez				ignacio_fernandez@csmvigo.com				Luns, ás 10:30h	

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Preparación para a práctica docente. Desenvolvemento da capacidade de transmisión dos coñecementos adquiridos. Estudo das estratexias e recursos didácticos necesarios para a docencia.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os adquiridos nas diferentes disciplinas da especialidade.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	A disciplina ten relación directa con disciplinas propias de interpretación (instrumento/canto, repertorio, música de cámara e orquestra/coro). A Pedagogía e didáctica instrumental debe capacitar ao alumno/a para o seu futuro como docente, conseguindo transmitir a técnica instrumental/vocal adquiridas, así como as características do repertorio e estilo de interpretación.
TRANSVERSAIS	T1, T2, T3, T4, T8, T15
XERAIS	X5, X10, X19, X24, X25, X26
ESPECÍFICAS	EI6

3. Obxectivos

DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS
Fomentar no alumno/a o interese pola ensinanza do seu propio instrumento.	T1, T2, T3, T8, T15, X10, X19, X24, X25, X26, EI6
Coñecer as metodoloxías existentes para a ensinanza do instrumento/canto	T1, T2, T4, X19, X24, X25, EI6
Elaborar e recompilar material de traballo axeitado para os diferentes niveis do ensino do instrumento/canto.	T1, T2, T4, T15, X5, X19, X24, X25, X26, EI6
Coñecer a lexislación vixente a nivel autonómico referente ás ensinanzas de música, co fin de aplicala na elaboración de programacións didácticas, a largo e curto prazo, nos diferentes niveis de ensino.	T1, T2, T3, T4, T8, T15, X5, X10, X19, X24, X25, X26, EI6
Desenvolver estratexias de ensinanza, mostrando a capacidade de análise, e aportando solucións distintas segundo os problemas de cada alumno/a.	T1, T3, T8, T15, X10, X19, X26, EI6
Utilizar as TIC en beneficio do seu estudo e dos futuros alumnos/as, para consulta e elaboración de material didáctico, así como ferramentas pedagóxicas	T1, T2, T4, T15, X5, X24, X25, EI6

4. Contidos



TEMAS		DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
I	Coñecemento da orixe e evolución dos diversos sistemas pedagóxicos	1.1 Estudo do orixe dos sistemas pedagóxicos máis importantes 1.2 Estudo da evolución dos sistemas pedagóxicos	2
II	Estudo da evolución da metodoloxía dos instrumentos de Vento-Metal nas distintas épocas	2.1 Estudo dos diferentes aspectos metodolóxicos de cada país 2.2 Estudo da evolución pedagóxica do ensino dos instrumentos de Vento-Metal 2.3 Estudo da evolución metodolóxica na historia dos instrumentos de Vento-Metal	2
III	Investigación da metodoloxía y pedagogía no ámbito do ensino actual	3.1 Coñecemento da pedagogía y metodoloxía actual no ámbito de Galicia 3.2 Coñecemento da pedagogía actual no ámbito nacional 3.3 Coñecemento da pedagogía actual en distintos países	2
IV	Coñecemento da lexislación actual que regula o ensino musical	4.1. Estudo das leis e reais decretos que rexen os ensinos musicais 4.2. Lexislación no ámbito dos conservatorios de música	3
V	Programacións didácticas	5.1. Coñecemento das programacións didácticas dos Conservatorios de Galicia 5.2. Elaboración dunha programación didáctica	4
VI	Unidades didácticas	6.1. Coñecemento das unidades didácticas 6.2. Elaboración dunha unidade didáctica	3
Total de sesións por cuatrimestre			16

5. Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE		1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		OBSERVACIÓNS
		I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	
Presenciais	Clases prácticas Traballos							16 2		
Non presenciais	Traballo persoal							72		
Total de horas cuatrimestrais								90		

6. Descriptores de Planificación

TIPO DE ACTIVIDADE	DESCRIPCIÓN DA METODOLOXÍA
Clases prácticas	Trátase de actividades encamiñadas a explicación dos contidos técnicos e métodos a practicar nas diferentes sesións, e tamén as actividades de explicación dos libros e fontes coas que traballaremos. Exposición y explicación dos contidos por parte do docente. Instrucións sobre fontes de información para o estudo da literatura.
Traballos	Traballos a presentar polo alumno/a da materia e propostos polo profesor. Elaboración dunha programación didáctica segundo as instrucións do profesor. Elaboración dunha unidade didáctica segundo as instrucións do profesor.
Traballo persoal	Tempo de investigación de información adicional ao traballo de aula propostos polo profesor. Tempo de elaboración dos traballos propostos polo profesor.

7. Avaliación

ORDINARIA			
CONTÍNUA	CRITERIOS	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
FERRAMENTAS			
Clases prácticas	Atención, comprensión e participación na clase. Realizar tarefas sobre a familia instrumental e a súa evolución didáctica ao longo da historia e de diferentes estilos musicais, así como as distintas escolas do instrumento e innovacións acontecidas. Mostrar o coñecemento das características referidas ás diferentes escolas de vento-metal dende o barroco ata a actualidade.	40%	TODAS
Traballo académico	Elaboración dunha unidade didáctica de grado elemental ou profesional da especialidade de tuba para un conservatorio de música profesional de Galicia.	60%	TODAS
*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando iso ocorra, o profesor da disciplina actuará segundo o protocolo establecido.			
ALTERNATIVA	CRITERIOS	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
FERRAMENTAS			
	Ver avaliación extraordinaria		
ORDINARIA (Decembro) E/OU EXTRAORDINARIA			
FERRAMENTAS	CRITERIOS	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
Exame escrito	1. Demostrar os coñecementos relativos á orixe e evolución dos sistemas pedagóxicos. 2. Demostrar o coñecemento das características metodolóxicas do ensino da tuba. Demostrar o coñecemento da pedagogía e metodoloxía no ámbito de Galicia. 3. Coñecemento da lexislación vixente referida ao ensino da tuba nos conservatorios.	40%	TODAS
Traballo académico	Elaboración dunha unidade didáctica de grado elemental ou profesional da especialidade de tuba para un conservatorio de música profesional de Galicia.	60%	TODAS



Escenario presencial, semipresencial ou non presencial, de acordo coa situación sanitaria derivada da COVID-19. No suposto de que o tipo de actividade docente sexa telemática, o alumnado fará as audicións e exames correspondentes dunha maneira de retransmisión en directo e gravación audiovisual. O alumnado enviará a gravación ao titor ao rematar a retransmisión.

ERASMUS

Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.

Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.

8. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberanse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

9. Bibliografía, materiais e documentos

CEBRIÁ, P., ORTEGA, R.J., FERNÁNDEZ, J.E.: A clase colectiva para instrumentos de vento. Fundamentos básicos para a súa programación, orientación e avaliación. Mundimúsica Garijo. Madrid 1996

ESCRIBANO, A.: Aprender a ensinar, fundamentos de didáctica xeral. Universidade de Castela A Mancha. Cuenca 2008

JURADO, J.: Guía para a programación didáctica e as unidades didácticas. Dos Acordes

LOZANO, J.: Bases psicolóxicas e deseño curricular para o grado elemental de música.

MICHELS, U.: Atlas de Música. alianza música, 1992.

Lexislación dos conservatorios de Galicia

10. Observacións

Será aplicable a esta Programación Docente a lexislación vixente así como as normas que a regulan.



Programación Docente de Tuba

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA											REPERTORIO DE ORQUESTRA E INSTRUMENTOS AFÍNS (I-VI)										
ESPECIALIDADE			INTERPRETACIÓN								ITINERARIO			TUBA							
CARÁCTER			Obrigatoria obrigatoia específica								TIPO DE CLASES			Colectiva							
DEPARTAMENTO			VENTO METAL								XEFE/A DO DEPARTAMENTO			Enrique Lorenzo Vila							
CURSOS			1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA			Juan Carlos Díaz Álvarez Ignacio Fernández Rodríguez							
CUADRIMESTRE			I	II	I	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase			1							
ETCS/ CUADRIMESTRE			3	3	3	3	3.5	3.5	-	-	Observacións										
DOCENTES			NOME E APELIDOS						MAIL/TEL/WEB						TITORÍA						
			Juan Carlos Díaz Álvarez						juancarlosdiaz@csmvigo.com						Mércores, ás 10:30h						
			Ignacio Fernández Rodríguez						ignacio_fernandez@csmvigo.com						Luns, ás 10:30h						

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Estudo e práctica da literatura orquestral. Afondamento, de ser o caso, dos roles de cada instrumento dentro da sección. Desenvolvemento, de ser o caso, das capacidades técnicas e expresivas dos instrumentos afíns. Estudo da práctica dos instrumentos afíns, de ser o caso, no repertorio orquestral.
COÑECIMENTOS PREVIOS	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior e, para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e contidos do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	A relación natural que se establece entre os contidos propios e os contidos das disciplinas de Instrumento, Orquestra e Música de Cámara. O grao de complementariedade entre as disciplinas anteditas creará unha base firme para o futuro musical e profesional do alumno/a.
TRANSVERSAIS	T1, T3, T6, T13.
XERAIS	X3, X6, X8, X10, X11, X15
ESPECÍFICAS	EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI8, EI9, EI10

3. Obxectivos

DESCRICIÓN	COMPETENCIAS
a) Dominar tecnicamente o instrumento na execución de estratos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.	Todas as competencias recollidas neste documento están relacionadas con todos os obxectivos aquí reflectidos.
b) Coñecer a situación histórica do instrumento en cada obra e elaborar a partir dela un criterio interpretativo.	
c) Interpretar o repertorio programado para o curso de maneira apropiada e coherente.	

4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS POR CUADRIMESTRE
